

Ágota Kristóf

O Gran Caderno



**rinoceronte**



## A chegada á casa da Avoa

Chegamos da Cidade. Viaxamos toda a noite. A nosa Nai ten os ollos vermellos. Leva unha caixa de cartón grande e cada un de nós unha maletiña coa súa roupa, ademais do dicionario grande do noso Pai, que nos pasamos cando temos os brazos cansos.

Camiñamos moito tempo. A casa da Avoa está lonxe da estación, na outra punta da Vila. Aquí non hai tranvía, nin autobús, nin coches. Só circulan algúns camións militares.

Os viandantes son pouco numerosos, a vila está en silencio. Podemos oír o ruído dos nosos pasos. Camiñamos sen falar, a nosa Nai no medio, entre nós os dous.

Diante da cancela do horto da Avoa, a nosa Nai di:

–Agardádeme aquí.

Nós agardamos un pouco e logo entramos no horto, rodeamos a casa, agachámonos debaixo dunha fiestra, de onde veñen voces. A voz da nosa nai di:

–Xa non temos nada que comer na casa, nin pan, nin carne, nin verduras, nin leite. Nada. Non podo alimentalos.

Outra voz di:

–Agora lémbreste de min. Durante dez anos non te lembraches. Nin viñeches nin escribiches.

A nosa Nai di:

–Ben sabe por que. Eu quería o meu pai.

A outra voz di:

–Si, e agora acórdaste de que tamén tes unha nai. Chegas e pídesme que che axude.

A nosa Nai di:

–Non pido nada para min. Só me gustaría que os meus fillos sobrevivisen a esta guerra. Bombardean a Cidade día e noite, e xa non hai comida. Evacúan os nenos ao campo, á casa de parentes ou á dalgún descoñecido, a calquera sitio.

A outra voz di:

–Pois só tiñas que envialos á casa dalgún descoñecido, a calquera sitio.

A nosa Nai di:

–Son os seus netos.

–Os meus netos? Nin sequera os coñezo. Cantos son?

–Dous. Dous nenos. Xemelgos.

A outra voz pregunta:

–Que fixeches cos outros?

A nosa Nai pregunta:

–Que outros?

–As cadelas paren catro ou cinco crías á vez. Gárdanse un ou dous, e os demais afóganse.

A outra voz ri moi forte. A nosa Nai non di ren, e a outra voz pregunta:

–Teñen pai, polo menos? Non estás casada, que eu sabía. Non me invitaches á túa voda.

–Estou casada. O seu pai está na fronte. Hai seis meses que non teño noticias del.

–Pois xa te podes esquecer del.

A outra voz ri de novo. A nosa Nai chora. Volvemos á cancela do horto.

A nosa Nai sae da casa cunha vella.

A nosa Nai dinos:

–Esta é a vosa Avoa. Ides quedar na súa casa un tempo, ata que acabe a guerra.

A nosa Avoa di:

–Pode ser moito tempo. Pero non te preocupes, que xa os farei traballar. Aquí a comida tampouco non é gratis.

A nosa Nai di:

–Mandareivos diñeiro. Nas maletas tendes a vosa roupa. E na caixa, sabas e mantas. Portádevos ben, ruliños. Heivos escribir.

Bícanos e vaise chorando.

A Avoa ri moi forte e dinos:

–Sabas, mantas! Camisas brancas e zapatos de charón! Xa vos ensinarei eu a vivir!

Sacámoslle a lingua á nosa Avoa. Ela ri aínda máis forte, dando palmadas nas coxas.

## A casa da Avoa

A casa da Avoa está a cinco minutos andando das últimas casas da Vila. Despois só está a estrada poeirenta, de súpeto cortada por unha barreira. Está prohibido ir máis lonxe. Un soldado fai garda alí. Ten unha metralladora e uns prismáticos, e cando chove abrígase nunha garita. Sabemos que máis alá da barreira, oculta polas árbores, hai unha base militar secreta, e, detrás da base, a fronteira e outro país.

A casa da Avoa está rodeada por un horto ao fondo do cal corre un río. Despois está o bosque.

No horto plantou toda clase de verduras e árbores froiteiras. Nun recanto hai unha coelleira, un galiñeiro, un cortello para os porcos e un cabano para as cabras. Intentamos subir ao lombo do porco máis grande, pero é imposible aguantar encima.

As verduras, as froitas, os coellos, os patos e os polos véndeos a Avoa no mercado, así como os ovos das galiñas e patas e os queixos de cabra. Os porcos véndenselle ao carniceiro, que os paga con cartos, pero tamén con xamóns e salchichóns afumados.

Tamén hai un can para escorrentar os ladróns e un gato para cazar os ratos e as ratas. Non se lle dá de comer, para que teña fame sempre.

A Avoa tamén ten unha viña ao outro lado da estrada.

Éntrase na casa pola cociña, que é grande e está quente. A cociña de ferro está acesa todo o día. Xunto á fiestra hai unha mesa inmensa e un banco de esquina. Nese banco é onde durmimos nós.

Dende a cociña, unha porta leva ao cuarto da Avoa, pero sempre está pechado con chave. Aí só entra a Avoa pola noite, para durmir.

Existe outro cuarto ao que se pode entrar sen pasar pola cociña, directamente dende o horto. Este cuarto ocúpao un oficial estranxeiro. A porta tamén está pechada con chave.

Debaixo da casa hai unha bodega chea de cousas para comer e, debaixo do tellado, un faiado ao que a Avoa xa non sobe dende que cortamos a escaleira cunha serra e se mancou ao caer. A entrada do faiado está xusto encima da porta do oficial, e nós subimos coa axuda dunha corda. É alí onde gardamos o caderno das redaccións, o dicionario do noso Pai e os demais obxectos que nos vemos obrigados a esconder.

Non tardamos en fabricar unha chave que abre todas as portas e en facer uns buracos no chan do faiado. Grazas á chave podemos movernos libremente pola casa cando non hai ninguén, e grazas aos buracos podemos observar a Avoa e o oficial nos seus cuartos sen que se decaten.

## A Avoa

A nosa Avoa é a nai da nosa Nai. Antes de virmos vivir á súa casa non sabiamos que a nosa Nai aínda tiña nai.

Nós chamámoslle Avoa.

A xente chámalle a Bruxa.

Ela chámanos “fillos de cadela”.

A Avoa é miúda e delgada. Ten un pano negro na cabeza. A súa roupa é de cor gris escura. Leva uns zapatos militares vellos. Cando vai bo tempo anda descalza. Ten a cara cuberta de engurras, de manchas escuras e de verrugas das que lle saen pelos. Xa non ten dentes, polo menos que se lle vexan.

A Avoa non se lava nunca. Despois de comer ou de beber limpa a boca coa esquina do pano. Non leva braga. Cando ten gana de ouriñar, para no sitio onde está, separa as pernas e mexa no chan por debaixo da saia. Naturalmente, non o fai dentro da casa.

A Avoa non se ispe nunca. Vímolos no seu cuarto pola noite. Quita unha saia e ten outra saia por debaixo. Quita a blusa e ten outra blusa por debaixo. Déitase así. Non quita o pano.

A Avoa fala pouco. Agás pola noite. Pola noite colle unha botella nun andel e bebe directamente dela. Logoponse a falar nunha lingua que non coñecemos. Non é a lingua que falan os militares estranxeiros. É unha lingua completamente diferente.

A Avoa faise preguntas nesa lingua descoñecida, e respóndeas ela mesma. Ás veces ri, ou anóxase e berra. Ao



final, case sempre, ponse a chorar, vaise para o seu cuarto cambaleando, déixase caer na cama e oímola saloucar durante gran parte da noite.

## Os traballos

Estamos obrigados a facer certos traballos para a Avoa, ou do contrario non nos dá de comer e déixanos a pasar a noite fóra.

Ao principio negámonos a obedecela. Durmimos no horto, comemos froitas e verduras crúas.

Pola mañá, antes de que saia o sol, vemos a Avoa saír da casa. Non nos fala. Vailles dar de comer aos animais, moxe as cabras, logo lévaas á beira do río, onde as ata a unha árbore. Despois rega o horto e recolle verduras e froitas, que carga na carreta. Tamén pon unha cesta chea de ovos, unha gaiola pequena cun coello e un polo ou un pato coas patas atadas.

Vai ao mercado empuxando a carreta, cuxa cincha, pasada polo seu pescozo delgado, lle fai baixar a cabeza. Cambalea baixo o peso. As fochancas do camiño e as pedras fanlle perder o equilibrio, pero segue andando, cos pés cara a fóra, coma os patos. Vai andando cara á vila, ata o mercado, sen deterse, sen apoiar a carreta nin unha soa vez.

Ao volver do mercado fai unha sopa coas verduras que non vendeu e marmelada coa froita. Come, vai botar a sesta á súa viña, dorme unha hora, despois ocúpase da viña ou, se non hai nada que facer nela, volve para casa, corta leña, bóttalles de comer outra vez aos animais, vai buscar as cabras, móxeas, vai ao bosque, trae cogomelos e leña seca, fai queixo, seca os cogomelos e os feixóns, fai conservas con outras verduras, rega de novo o horto, ordena as couzas na bodega, e así ata que se fai de noite.

A sexta mañá, cando ela sae de casa, nós xa regamos o horto. Collémoslle das mans os pesados caldeiros da comida dos porcos, levamos as cabras á beira do río, axudámoslle a cargar a carreta. Cando volve do mercado, estamos cortando leña coa serra.

Durante o xantar, a Avoa di:

–Xa o entendestes. O teito e a comida hai que gañalos.

Nós dicimos:

–Non é iso. O traballo é penoso, pero mirar a quen traballa sen facer nada é aínda máis penoso, sobre todo se se trata dun vello.

A Avoa ri, burlona:

–Fillos de cadela! Queredes dicir que vos dou pena?

–Non, Avoa. Só nos avergoñamos de nós mesmos.

Pola tarde imos buscar leña ao bosque.

A partir de entón facemos todos os traballos que somos capaces de facer.